

A COMARCA DE A FONSAGRADA NA ANTIGÜIDADE. APROXIMACIÓN AO SEU ESTUDO: O CASTRO DE MOREIRA (LAMAS DE MOREIRA, A FONSAGRADA, LUGO)

Por Fernando ACUÑA CASTROVIEJO, Raquel CASAL GARCÍA,
Sara RODRÍGUEZ SOUTO, Víctor M. VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ

Departamento de Historia I

Universidade de Santiago de Compostela

Abstract: Presently article offers a brief synthesis of all those archeological nature references relative to the district and municipal term of A Fonsagrada, even adjacent regions, concretely Lugo province context, and the Navia river Basin. Also, prospecting and topographical rising works results, carried out in the Castro of Moreira (Lamas de Moreira), are exposed.

Keywords: hillfort, roman road, mining, prospecting, topography, Lugo, Galicia, Asturias.

INTRODUCCIÓN¹

Froito dun proxecto de investigación², promovido polo Concello de A Fonsagrada, financiado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte e encomendado ao Grupo de Investigación do que formamos parte desenvolvido ano 2006, levouse a cabo unha primeira aproximación ao

¹ Queremos agradecer aquí a colaboración prestada en todo momento por D. Ricardo Parada Mariñas e D. Argelio Fernández Queipo, en aquel momento alcalde e concelleiro, respectivamente, do Concello de A Fonsagrada, así como a axuda facilitada polos técnicos das concellerías de Obras, Medio Rural e Medio Ambiente e Turismo e os veciños do lugar.

² Proxecto titulado. *Estudo Arqueolóxico e Patrimonial do Castro de Moreira, (Lamas de Moreira, A Fonsagrada)*, código CJ102A2005/568-0. A Memoria Técnica foi presentada na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, con data do día 4 de decembro de 2006.

coñecemento do patrimonio arqueolóxico de dito concello. Efectuado un estudo preliminar, foi seleccionado de entre todos os xacementos conservados no término municipal, o Castro de Moreira, sito no lugar de Lamas de Moreira, por ser o que reunía as mellores condicións para unha futura posta en valor.

O interese do Castro de Moreira radica no seu emprazamento na comarca de A Fonsagrada, nunha zona moi próxima á rexión asturiana e á *mansio* viaria de época romana *Ponte Abei*³, inmersa no trazado da vía *Lucus Augusti-Lucus Asturum* e inicio dun itinerario secundario romano. Así, este xacemento linda co val do río Navia, onde nos últimos tempos tense intervido con éxito en certos asentamentos, entre os que destaca o de Chao Samartín (Grandas de Salime), de enorme importancia para o coñecemento da cultura castrexa asturiana nas terras limítrofes con Galicia⁴, e que, ademais, se atopa en relación cos castros da parte oriental da comarca fonsagradina, tal e como testemuña o vaso de cerámica común descuberto nun contexto do século I d. C. que amosa un grafito no que se inscribe *os buroflavienses desexan sorte en abundancia aos de Ocela*⁵. Uns pobos, Buro e Ocela⁶, que remiten á actual Pobra de Burón, situada a escasos quilómetros do lugar de Lamas de Moreira, e ao propio Chao Samartín. Un vencellamento que se viu propiciado pola rede de comunicación creada en época romana, pois a dita vía *Lucus Augusti-Lucus Asturum* atravesaba a comarca de A Fonsagrada para proseguir polo alto do Acebo ata Grandas de Salime e rematar en Lugo de Llanera⁷.

Por outra banda, a pesar de que o concello de A Fonsagrada non foi, ata agora, suficientemente estudiado nin intervido dende o punto de vista arqueolóxico⁸, posúe unha gran riqueza patrimonial, evidenciando a antropización do seu

³ Mencionada no *Anónimo de Ravenna* foi tradicionalmente identificada coa actual capital da comarca fonsagradina, atendendo a certas similitudes toponímicas derivadas da atribución á dita mansión viaria da denominación de *Fonte Abei*. Non obstante, B. SÁEZ TABOADA, «Elementos para el estudio de la caminería en la Galicia romana: la vía *Lucus Augusti-Ponte Abei*», *Habis*, vol. 29, Sevilla, 1998, pp. 173-191, sinala ao lugar de Santiso como o emprazamento da antiga *Ponte Abei*, sito próximo a Lamas de Moreira.

⁴ A. VILLA VALDÉS: *El castro de Chao Samartín. Guía para su interpretación y visita*, Ayuntamiento de Grandas de Salime, Grandas de Salime, 2005.

⁵ J. de FRANCISCO MARTIN e A. VILLA VALDÉS: «Toponimia antigua de algunos asentamientos castreños del Occidente de Asturias». Nuevos datos epigráficos sobre vasos cerámicos. *Revista de Filología Asturiana*, vol. 3-4, Oviedo, 2003-2004, pp. 11-29.

⁶ Citados xa entre os *calaicos lucenses* por Ptolomeo na súa *Xeografía* (II, 6, 22).

⁷ Na súa tese de doutoramento J. GÓMEZ VILA: *Vías romanas de la actual provincia de Lugo*, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2006, analiza o trazado desta vía, establecendo un itinerario, que varía segundo os autores, no que foi indicado que non se localizou epígrafe algún.

⁸ Así, na recente *Guía de castros de Galicia e Noroeste de Portugal* editada pola Xunta de Galicia no ano 2006, a pesar do seu carácter selectivo, unicamente aparecen referidos para a provincia de Lugo os xacementos de Viladonga, Zofián, Fazouro, Torre e Santa María do Castro. Un conxunto entre o que deben ser destacados estes dous últimos, pola súa proximidade xeográfica ao término fonsagradino, xa que se encadran nas zonas de O Courel e Ancares, respectivamente.

territorio xa dende antigo, alomenos dende o período megalítico, ao que se adscribe un elevado número de dólmenes e mámoas conservados ao longo do dito término municipal⁹.

Unha ocupación do territorio que pervive, en maior ou menor grao, durante a Idade do Bronce, feito que testemuñan os seis machados dispersos recuperados en terras fonsagradinas, atribuídos ao tipo 29A¹⁰, aínda que non existen referencias concretas relativas a algún tipo de asentamento.

Á época castrexa vincúlanse numerosos xacementos de diversa tipoloxía dos que, o que agora é obxecto de estudo, podería ser unha mostra¹¹.

En relación co mundo romano, e parcialmente vinculadas ao castrexo, atópanse as explotacións mineiras auríferas, das que existen abondosos vestixios na comarca¹². Un período no que tamén se encadran certos numismas dispersos, como un acuñado en tempos do emperador Galieno, un importante tesourinho de 106 denarios descuberto no ano 1956 no lugar de Monteseiro¹³, e unha complexa rede viaria¹⁴. O principal itinerario romano que une *Lucus Augusti* e Asturias sería

⁹ E. LÓPEZ FERNÁNDEZ: «Megalitos y mámoas en el ayuntamiento de Fonsagrada», *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t. V, Lugo, 1992, pp.105-133.

¹⁰ L. MONTEAGUDO GARCÍA:

Die Beile auf der Iberischen Halbinsel, Prähistorische Bronzefunde, Abteilung IX, Band 6, München, 1977, pp. 167-169.

¹¹ E. LÓPEZ FERNÁNDEZ *et alii*: *A Fonsagrada y su concejo*, Editorial Everest, León, 1987, pp. 40 e ss.

¹² Aínda que en 1989 a comarca de A Fonsagrada foi obxecto dunha prospección sistemática, os resultados obtidos non se transformaron no estudo previsto, debido a diversas dificultades (véxase M. J. FERNÁNDEZ RIVAS: «Explotacións mineiras na comarca de A Fonsagrada (Lugo)», *Arqueoloxía-Informes 3, campaña 1989*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995, pp. 197-199). Na actualidade a análise máis detallada relativa ao ámbito da mineiría é o realizado por E. LÓPEZ FERNÁNDEZ, quen en sendos artigos, «As covas de Castañedo (Navia de Suarna). Explotacións mineras de época romana en el curso medio del río Navia a la luz de los textos de Plinio (Nat. Hist. 33, 66-78)», *Boletín Auriense*, vol. XXII, Ourense, 1992, pp. 9-25 e «*Pedras apañadas*, explotacións mineiras de época romana na fronteira galaico-astur de Grandas de Salime e a Fonsagrada», *Lingua e cultura galega de Asturias. Actas das I Xornadas de Lingua e cultura galega de Asturias: na busca das raíces da Terra Navia-Eo, Homenaxe a Dámaso Alonso*, Edicións Xerais, Vigo, 1994, pp. 17-46, ofrece unha imaxe actualizada desta actividade económica nas terras limítrofes ao término fonsagradino.

¹³ Un conxunto monetario, conservado no Museo Provincial de Lugo, estudado por R. FONTECHA: «Hallazgo de denarios romanos en las cercanías de Fonsagrada», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, vol. VI, Lugo, 1956-1957, pp. 113-116, e revisado, na súa tese, por R.M.S. CENTENO: «Circulaça o monetaria no Noroeste de Hispania até 1920», *Anexos Nummus*, vol. I, Oporto, 1987, pp. 67-68, onde corrixe a cronoloxía anteriormente atribuída a algúns dos numismas. Así, considera que sete pezas pertencerían á época republicana e as restantes comprenderían os mandatos de Tiberio a Traxano, momento no que posiblemente serían ocultas.

¹⁴ Segundo B. SÁEZ TABOADA, *op. cit.*, pp. 184-186, o trazado da vía *Lucus Augusti-Lucus Asturum* adentrárase nas terras fonsagradinas por Paradavella, proseguindo polo Alto de Cerrado e Vieiro ata chegar a Santiso, lugar vencellado á *mansio Ponte Abei*, continuando en dirección a Santa Xuliana, Cereixido, Estoupela, Vilabol e Vilar de Cuiña, para posteriormente seguir o curso do río Navia cara o noroeste por Fornaza e Vilarmeor, ata o límite con Asturias. Asimesmo, dito autor inicia en Santiso (*Ponte Abei*) o itinerario dun camiño secundario que uniría *Ponte Abei*-Navia de Suarna-*Uttaris*, dende onde continúa en dirección sur polo monte Entrecotos (na súa vertente occidental localízase o pequeno

posteriormente retomado polo Primitivo Camiño de Santiago¹⁵, flanqueado pola rede viaria actual.

SITUACIÓN E ENTORNO XEOGRÁFICO

O concello de A Fonsagrada localízase ao leste da comunidade galega, no sector centro-oriental da provincia de Lugo, da que depende administrativamente. A súa superficie de 438,45 quilómetros cadrados colinda co municipio de A Pontenova e a provincia de Oviedo cara o norte; a comunidade asturiana e o término de Negueira de Muñiz polo leste; os concellos de Navia de Suarna e Baleira dende o sur; e Baleira e Ribeira de Piquín no oeste. Un territorio que se atopa integrado por 29 parroquias¹⁶, dependentes da arquidiocese de Lugo¹⁷.

A comarca fonsagradina encádrase nunha rexión definida por unha liña montañosa central que, de maneira ascendente, comunica o val transversal no que se asenta Baleira e as terras altas de A Fonsagrada. Un cordal que actúa, ademais, de gran interfluvio, entre as cuncas dos ríos Eo e Navia¹⁸.

O accidentado relevo das terras do término municipal de A Fonsagrada, dunha altitude media de 952 metros sobre o nivel do mar, enmárcanse na área de montaña, conformando un espazo de transición entre os cumios que definen a fronteira coa comunidade asturiana e a meseta de Lugo. Unha topografía configurada, fundamentalmente, durante o período herciniano, para ser posteriormente remodelada no transcurso da oroxenia alpina. Finalmente, a acción erosiva dos axentes meteorolóxicos deu lugar a unha paisaxe na que se suceden cumios alombados e profundos vales fluviais¹⁹.

Dende o punto de vista litolóxico, o sustrato rochoso de A Fonsagrada está estruturado en bandas, cunha orientación nordeste-suroeste, de sedimentos

outeiro no que se empra o Castro de Moreira) cara Cabana, Lamas de Moreira, Barcela, Seoane e Louxas para proseguir por terras do término asturiano de Navia de Suarna.

¹⁵ O Primitivo Camiño foi recentemente obxecto dun estudo no que se analizan os antecedentes históricos do tramo comprendido entre a fronteira asturiana e Melide, ademais da propia vía romana e os restos arqueolóxicos a ela asociados. A este respecto véxase F. ARIAS VILAS: «Antecedentes históricos do Camiño Primitivo: unha aproximación», *O Camiño Primitivo, Actas do Congreso O Camiño de Santiago para o século XXI*, S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, Santiago de Compostela, 2006, pp. 101-117.

¹⁶ Unha análise toponímica de gran utilidade, que abrangue todas as freguesías comprendidas no municipio de A Fonsagrada, exponse en N. ARES VÁZQUEZ: «Toponimia do Concello da Fonsagrada», *Lucensia*, n. 23, vol. XI, Lugo, 2001, pp. 317-336.

¹⁷ X. FARIÑA JAMARDO: *Os Concellos galegos*, vol. V, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1993, pp. 239 e 244.

¹⁸ A. PRECEDO LEDO: *Comarcas de Galicia*, Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, A Coruña, 1998, pp. 162-165.

¹⁹ B. LEDO CABIDO: *Galicia en comarcas. Os Ancares e O Courel*, Ir Indo Edicións, Vigo, 2005, pp. 21-23.

metamórficos, (areas, lousas, pizarras, xistos e cuarcitas) que alternan cos materiais cristalinos (granitos) e a veta de calizas de Vegadeo.

As cuncas dos ríos Rodil e Lamas dividen o territorio municipal de norte a sur en tres bloques: a Serra de Carballido, ao norte; unha pequena altiplanicie e a Serra de Lousas, no centro; e a Tombeadoira cara ao sur. Toda unha rede fluvial organizada arredor do río Navia e o seu afluente Suarna, aos que desembocan multitude de pequenos regatos.

O clima fonsagradino, condicionado polo alonxamento da costa e a gran altitude media das súas terras, inscríbese na variante oceánica de montaña. Unha climatoloxía moi ruda, de temperaturas medias baixas, frecuentes xeadas e precipitacións moi elevadas, en ocasións en forma de neve, que condicionan uns veráns moderados e invernos fríos.

Definen a vexetación das terras de A Fonsagrada o castiñeiro, o carballo e o bidueiro que habitualmente forman bosques mixtos á beira dos piñeiros de repoboación. Non obstante, domina os cumios e unha ampla superficie das ladeiras das serras o mato de uces, xinestras, carqueixas e piornos, protexéndoas da erosión.

O CASTRO DE MOREIRA

Localizado nas coordenadas UTM x: 656.000, y: 4.770.500, o xacemento está emprazado sobre unha chaira, no alto dun pequeno outeiro situado na vertente sur do monte Entrecotos, a unha altitude de 633 metros sobre o nivel do mar, no interfluvio que conforman o regato Ranside, dende o leste e sur, e o río Lamas, cara ao oeste (figura 1).

O conxunto arqueolóxico presenta unha elevada pendente meridional que se estende e acentúa cara o oeste, superando un desnivel próximo aos 300 metros. Na actualidade o entorno do mesmo atópase totalmente alterado, como consecuencia de plantacións de piñeiros (*pinus pinaster*) para consumo da industria madeireira, que invaden o seu perímetro e afectan parcialmente á súa estrutura (figura 2).

O emprazamento goza dunha cunca visual ventaxosa (figura 3), pois dende o interior do recinto fortificado é posible divisar certo número de castros do seu entorno máis inmediato, como son os de Cuiñas, Arroxo, Castelo de Xunqueira, Horta dos Mouros, Cereixido, Brancio e Marful, así coma boa parte do val do río Lamas. Esta grande visibilidade implicaría un certo control sobre todo o territorio (figura 4).

Dado que o Castro de Moreira e o seu entorno inmediato atopábanse nun completo estado de abandono (figura 5), unha vexetación mesta, de uces, toxos, carqueixas, xestas, e silveiras invadía a totalidade da súa superficie (figura 6), perímetro e contorna, sendo especialmente densa nas liñas dos foxos (figura 7), feito que impedía obter una visión de conxunto do mesmo, proxectouse levar a




FIGURA 1: Vista aérea do Castro de Moreira, voo planimétrico americano, 1956.



FIGURA 2: Vista aérea do Castro de Moreira, previa á intervención, Sixpac.

A comarca de A Fonsagrada na Antigüidade






FIGURA 5: Vista xeral da entrada do xacemento, previa á intervención.




FIGURA 6: Vista xeral dende o norte do xacemento e camiño de servizo veciñal, previa á intervención.



FIGURA 7: Vista xeral cara ao surdeste da primeira liña de foxo do xacemento, previa á intervención.



FIGURA 8: Vista panorámica dende o oeste do Castro de Moreira, tras a intervención.



FIGURA 9: Vista xeral do sector norte da croa do Castro de Moreira e da gran depresión descuberta, tras a intervención.

cabo, como primeira actuación, a limpeza da vexetación existente na zona ocupada polo castro.

Seguidamente plantexouse unha prospección intensiva da área comprendida polo xacemento e extensiva do seu territorio colindante e, por último, o levantamento topográfico do conxunto arqueolóxico referido.

A exploración superficial do conxunto permitiu establecer, de xeito preliminar, á espera de futuras actuacións máis directas no xacemento, a morfoloxía do Castro de Moreira.

Este presenta un recinto interior ou croa de forma practicamente circular, definida por una liña de muralla ou cerca, cinguida por un importante e complexo sistema defensivo, constituído por unha sucesión de ata tres foxos acompañados dos correspondentes parapetos (figura 8).

A croa, de 75 metros de diámetro, emprázase sobre unha elevación do terreo, posiblemente artificial, de vertentes bastante empinadas, circunvalada por unha cerca. Arredor deste recinto dispóñense as liñas de foxos e parapetos, tres no sector occidental, mentras que no oriental aparecen unicamente dous. No lateral norte existe unha importante caída natural do terreo, que actuaría como defensa natural, e no sur, onde o desnivel é máis suave, probablemente se localizaría a entrada primixenia, xa que esta é a zona, bastante alterada, pola que actualmente acceden os veciños ao interior da croa e á que se dirixe un camiño que comunica co lugar de Lamas de Moreira.

As tarefas de prospección intensiva levadas a cabo no interior do xacemento permitiron localizar unha serie de estruturas. Na vertente occidental do recinto amurallado foi descuberta unha pequena aliñación muraria de 1,20 metros de lonxitude, 0,40 metros de altura e 0,50 metros de anchura, cunha orientación leste-oeste, levantada con pedras de pizarra informes de pequeno porte, dispostas a modo de mampostería, sen a presenza de ningún tipo de argamasa pero sí dunha terra bastante orgánica. Pola súa banda, na zona norte da croa foi rexistrada unha gran depresión de forma circular bastante regular, de 3 metros de diámetro aproximado, que posiblemente corresponda a algunha estrutura (figura 9). Asimesmo, no sector leste da liña de muralla unha segunda depresión de 0,40 metros de diámetro aproximado identificada como unha toca de raposa, permitiu observar no seu interior, dada a súa fondura, a presenza dunha gran cantidade de pequenas pedras informes de pizarra que quizais formarían parte dun desmoroamento da propia muralla. Finalmente, na vertente setentrional externa do recinto cercado foi documentada unha importante acumulación de pedras de pizarra de tamaño variable, posiblemente un derrube do mesmo.

Esta análise prospectiva da área integral do conxunto arqueolóxico determinou, ademais, que o substrato do mesmo estaba constituído por rochas metamórficas, xistos, pizarras e cuarcitas. Finalmente é preciso indicar que non foi constatada a presenza de material arqueolóxico algún en superficie.

A prospección extensiva centrouse no territorio asociado á cunca visual perceptible dende o Castro de Moreira e ao entorno inmediato do mesmo, nun

radio de acción de media hora de camiño a pé, englobando os lugares coñecidos como *Chao da Zarra* e *Leiras das Ermitas*.

A área inmediata ao xacemento foi invadida e ocupada por plantacións de piñeiro nos seus laterais sur, leste e oeste. Destaca o caso dos sectores meridional e oriental, pois no primeiro localízase unha zona achairada de lixeira pendente na que foron plantadas de xeito intensivo ditas árbores por medio de sulcos practicados no propio substrato rochoso, feito que imposibilitou determinar a posible existencia en dito flanco de algún tipo de sistema defensivo particular, que paliara a vulnerabilidade do conxunto neste punto, quizais un antecastro. O sector leste, pola súa banda, reflicte unha situación semellante, pois os sulcos da plantación alí asentada, continuadora da existente no flanco meridional, adéntranse na segunda liña de foxo, afectando á súa superficie, xa que foron abertos ata o nivel de substrato rochoso. Asimesmo, a plantación da zona oeste motivou, aparentemente, a interrupción intencionada da traza do parapeto da terceira liña de foxo, nunha zona próxima a un corte que presentan o primeiro foxo e a vertente do recinto amurallado. Este feito estaría relacionado con un camiño de servizo que, cunha orientación norte-sur, atravesa en ditos puntos o castro en dirección á croa.

As tarefas de prospección levadas a cabo na área da cunca visual do xacemento non aportaron datos significativos dende o punto de vista arqueolóxico, xa que non se localizou material ningún en superficie nin estrutura de ningún tipo que permitise documentar a existencia dun posible xacemento, tampouco se constatou a existencia de ningún tipo de abastecemento hídrico próximo.

A totalidade do territorio obxecto das exploracións superficiais foi sometido a unha lectura microtoponímica, análise na que se contou coas referencias aportadas polos veciños do lugar, recabadas mediante pequenas enquisas, que constatou a súa antropización e posibilitou a creación dunha imaxe xeral descritiva do espazo abordado no presente estudo.

No tocante ao ámbito do conxunto arqueolóxico, advertiuse que o interior do recinto amurallado é coñecido co nome de *A Coroa*, mentras que o topónimo *Castro* aparece asociado a certas leiras localizadas á media altura na ladeira meridional do xacemento, tamén coñecidas como *O Barbeito*, na actualidade ocupadas por unha plantación de piñeiros. Sen embargo, a área que corresponde aos foxos e parapetos do sector occidental e oriental do xacemento é denominada *Engrobas da Coroa*. Así pois, existen diversos topónimos que fan referencia á existencia dun asentamento, vinculado á cultura castrexa.

En relación co entorno meridional do xacemento se atopa o lugar de *Leiras das Hermidas*, onde as referencias dos veciños sitúan un antigo cemiterio, do que non se aprecian vestixios en superficie; asimesmo, indican que en *O Chao da Zarra*, localizado a uns 320 metros ao sur do castro, emprazábase unha ermida da que tampouco son perceptibles os seus restos na actualidade.

Para a realización do levantamento topográfico do Castro de Moreira, procedeuse á toma de puntos, nun intervalo duns 2 metros, atendendo a un itinerario orientado pechado composto de catro estacións, dende as que se

radiaron os puntos do perímetro do xacemento así como puntos de recheo para obter o plano de curvas de nivel (figura 10)²⁰. Dito levantamento permitiu establecer a superficie total do conxunto e a de cada un dos elementos estruturais que o conforman, ademais das distancias absolutas existentes entre estes. Así, determinouse que o Castro de Moreira ocupa unha área de 1'3791 hectáreas, das que 0'35956467 hectáreas pertencerían á croa, cunha lonxitude de 162.997 metros no seu eixo maior, aquel orientado de poñente a levante, e 108.1235 metros no eixo norte-sur, sendo o perímetro da area de protección integral do xacemento de 458 metros.

No seguinte cadro detállanse as coordenadas x-y-z das estacións e dos puntos que constitúen o levantamento:

Nº de estación	X	Y	Z
E ₁	655884,179	4.770.535,575	628.415
E ₂	655887,176	4.770.478,900	631,091
E ₃	655947,736	4.770.561,774	631,120
E ₄	655961,412	4.770.483,174	632,125

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Os resultados da análise á que foi sometido, nesta primeira fase de estudo, o Castro de Moreira son acordes a certas características definitorias da cultura castrexa, contexto cultural no que debe ser adscrito, feito que evidencian as peculiaridades do seu emprazamento e sistema defensivo, a pesar de que non presenta estruturas habitacionais visibles no interior da croa, á espera de futuras actuacións máis directas. Estes dous aspectos, defensas e ubicación, xustifican a súa identificación co tipo C, dentro da tipoloxía establecida por X. Carballo para asentamentos castrexos²¹.

Aínda que os datos aportados por esta intervención non permiten outorgarlle unha cronoloxía concreta ao xacemento, este posiblemente posuía niveis de ocupación previos á conquista romana e asimesmo, dada a súa proximidade a certas zonas de explotación, podería ter desempeñado durante a época romana unha función asociada á produción mineira, documentando unha segunda etapa evolutiva.

²⁰ O aparello topográfico empregado foi unha estación total Zeiss[®], modelo Eltar 55. Posteriormente á toma de datos procedeuse ao seu volcado, mediante o programa informático de topografía Topcal[®]. A partir do procesado destes datos, a través do programa M.D.T. 4.0., efectuouse o cálculo de coordenadas e obtivéronse as curvas de nivel. Véxase a este respecto o plano topográfico inicial.

²¹ Véxase a este respecto X. CARBALLO ARCEO: «Os castros galegos: espazo e arquitectura», *Gallaecia*, vol. 14-15, Santiago de Compostela, 1996, pp. 316 e 346.




FIGURA 10: Planimetria do Castro de Moreira.

O xacemento localízase no alto dun pequeno outeiro, a menor altura que os coutos próximos. Un lugar que goza de grande visibilidade e individualizado no relevo²². Este feito evidenciaría a existencia de certa interrelación ou vencellamento entre o Castro de Moreira e aqueles localizados no seu entorno máis inmediato, xa sexa en terras galegas, asturianas ou leonesas. Un emprazamento oportuno dende o punto de vista da explotación das riquezas minerais do territorio aladaño, poidendo actuar como centro de control de toda a comarca.

Recentemente, certos asentamentos castrexos da provincia de Lugo foron obxecto de diversas actuacións enfocadas, ben á súa posta en valor, tal é o caso dos castros de Saa e Castromaior, ou ben á realización de escavacións sistemáticas e tarefas restauradoras encadradas en proxectos de certa continuidade, como nos castros de Zoñán²³ e Viladonga²⁴. Na actualidade, o coñecemento da cultura castrexa no ámbito lucense é moito máis amplo, xa que se asenta sobre os datos proporcionados por antigas escavacións, como as levadas a cabo nos castros de Fazouro²⁵ e Penarrubia²⁶, por outras máis recentes, por exemplo en Santa María de Cervantes²⁷, por prospeccións arqueolóxicas que, en ocasións, propiciaron escavacións sistemáticas, tal foi o caso das emprendidas na rexión de O Courel²⁸ (Mogoxe, Vilar, Torre do Castro²⁹) e por intervencións de urxencia,

²² Resulta de interese o estudo realizado dende esta perspectiva por M. XUSTO RODRÓGUEZ: «Área de visión, topografía e territorialidade: o mundo dos castros», *Boletín Auriense*, vol. XVIII-XIX, Ourense, 1988-1989, pp. 23-30.

²³ A. VIGO GARCÍA: *O Castro de Zoñán (Mondoñedo, Lugo). Escavacións 2002-2004*, Concello de Mondoñedo, Mondoñedo, 2007.

²⁴ F. ARIAS VILAS e M^a. C. DURÁN FUENTES: *Museo do Castro de Viladonga, Castro de Rei-Lugo*, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Santiago de Compostela, 1996.

²⁵ Tras unha actuación adicada á limpeza deste asentamento de época romana e ao estudo dos materiais recuperados (M. FERNÁNDEZ RODRÓGUEZ e C. ALONDO DEL REAL: «Castro de Fazouro», *NAH*, vol. VIII/IX, Madrid, 1966, pp. 156-157), a última intervención da que foi obxecto estivo orientada á consolidación de diversas estruturas. Véxase V. BARBI ALONSO: «Estudo dos materiais do Castro de Fazouro (Lugo)», *Arqueoloxía/Informes, campaña de 1988*, 2, Xunta de Galicia, A Coruña, 1991, pp. 319-321 e F. CARRERA RAMÓREZ: «Castro de Fazouro (Foz, Lugo)», *Arqueoloxía/Informes, campaña de 1989*, 3, Xunta de Galicia, A Coruña, 1991, pp. 291-293.

²⁶ F. ARIAS VILAS: «El castro de Penarrubia (Lugo) y la novedad de su datación por C14», *XV CAN (Lugo, 1977)*, Zaragoza, 1979, pp. 613-622.

²⁷ Un asentamento propio da ocupación romana nunha zona mineira, segundo L. F. LÓPEZ GONZÁLEZ: «El poblado minero de Santa María de Castro (Cervantes, Lugo)», *Proto-historia da Península Ibérica, III Congreso de Arqueología Peninsular*, vol. V, ADECAP, Porto, 2000, pp. 533-540.

²⁸ No ano 1977 levouse a cabo unha campaña de prospección na comarca de O Courel, que naquela altura era unha zona descoñecida para a arqueoloxía galega. Un estudo que permitiu o acopio dunha información de gran interese relativa aos asentamentos castrexos e explotacións mineiras auríferas de época romana existentes na zona. Certos resultados desta actuación foron expostos en J. M^a LUZÓN et alii: *El Courel*, Ministerio de Cultura, Dirección General de Patrimonio Artístico, Archivos y Museos, Madrid, 1980; C. ALONSO del REAL: «Notas etnográficas de O Courel», *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, vol. I, Lugo, 1983, pp. 131-136; F. ARIAS VILAS: «Outros datos arqueolóxicos e etnográficos do Courel», *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, I, Lugo, 1983, pp. 137-140; e F. ACUÑA CASTROVIEJO: «Os sistemas de fortificación nos castros do Courel», *Humanitas, estudos de homenaxe ao profesor*

como a efectuada no castro de Barán³⁰. Un coñecemento en continuo avance, auspiciado por actuacións que se están a realizar no presente en xacementos como o castro de Formigueiros, obxecto dunha intervención encamiñada á súa posta en valor, tras unha primeira fase de limpeza e levantamento topográfico³¹.

En definitiva, unhas actuacións arqueolóxicas emprendidas sobre unha serie de asentamentos de características e cronoloxías diversas, que posibilitaron a análise de niveis de ocupación anteriores, coetáneos e posteriores á conquista romana, conformando unha imaxe bastante clarificadora da evolución e devir histórico deste tipo de xacementos en terras lucenses.

Certamente, na análise do Castro de Moreira deben terse presentes os datos aportados pola investigación relativa á cultura castrexa na área asturiana, onde a secuencia histórica é bastante ben coñecida, resultado de certos proxectos de escavacións sistemáticas realizados en Chao Samartín (Grandas de Salime), El Castro (Folgosa) e Cortín dos Mouros (Brañavella), entre outros³². Nos últimos anos, o coñecemento desta cultura na rexión occidental asturiana, xustamente a próxima á comarca de A Fonsagrada, experimentou un importante avance. Así, tradicionalmente defendíase a inexistencia de niveis prerromanos nos castros asturianos, unha teoría refutada na actualidade, pois en certo número deles téñense documentado liñas de muralla datadas nos séculos VIII-VII a. C., feito que evidencia unha importante etapa na Idade do Ferro, á que prosegue unha nova fase de ocupación de época romana, en moitos casos vencellada ás explotacións mineiras³³.

doutor Carlos Alonso del Real, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1996, pp. 319-324.

²⁹ Unha prospección que documentou a existencia dunha relación entre certos castros e explotacións mineiras romanas encadrados nesa rexión. Un feito que motivou, en épocas máis recentes, sendas intervencións na Mina da Toca e no Castro da Torre. A este respecto, véxase A. ÁLVAREZ NÑEZ: «Castro da Torre (Sobredo-O Caurel). Informe de la intervención arqueológica de 1993», *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, vol. VII, Lugo, 1995, pp. 9-32; e *Idem*: «Memoria de la intervención arqueológica de 1992 en la Mina da Toca», *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, vol. VI, Lugo, 1993-1994, pp. 195-197.

³⁰ A. ÁLVAREZ NÑEZ: «Castro de Barán 93. Informe de la intervención arqueológica», *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, vol. VII, Lugo, 1995, pp. 33-63; artigo no que se da conta dos resultados obtidos na terceira intervención arqueolóxica realizada no xacemento.

³¹ Proxecto dirixido polos arqueólogos da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Gonzalo Meijide Cameselle e Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez, ao fronte dun equipo que coordina un campo de traballo. Con anterioridade, en 1993, tivo lugar no castro de Formigueiros unha intervención na que se procedeu á limpeza de toda unha serie de estruturas, saídas á luz durante antigas escavacións «clandestinas», e que posibilitou a recuperación de importantes materiais; véxase J. R. DORRIBO CAO: «O castro de Formigueiros: unha aproximación ó seu estudo arqueolóxico», *Historia Nova III*, Asociación Galega de Historiadores, Santiago de Compostela, 1995, pp. 9-24.

³² A. VILLA VALDÉS: «Periodización y registro arqueológico en los castros del occidente de Asturias», *Los poblados fortificados del noroeste de la Península Ibérica: formación y desarrollo de la cultura castreña*, Ayuntamiento de Navia, Navia, 2002, p. 161.

³³ Unha clarificadora análise que aborda a problemática castrexa e o período inicial da romanización en Asturias, atendendo ás novidades aportadas pola investigación nas últimas décadas, establécese

Finalmente, de cara ao futuro, sería desexable emprender no Castro de Moreira unha actuación arqueolóxica que propiciase o estudo exhaustivo e posta valor deste conxunto arqueolóxico. Dados os resultados desta primeira intervención, sería aconsellable unha ulterior centrada en aquelas zonas nas que presumiblemente puideran sair á luz estruturas que revelen o interese do xacemento e o definan. Así pois, parece razoable abordala na zona da entrada e nas áreas na que foron localizadas certas depresións e un aliñamento murario, visibles en superficie. En definitiva, unha agardada escavación que permitiría esclarecer a presenza de niveis prerromanos e a súa relación co propio mundo romano, especialmente coa súa política de explotación mineira e rede viaria; ademais, posiblemente, documentaría a existencia dun vencellamento entre os xacementos castrexos encadrados nas inmediacións da fronteira galaico-astur, feito que enriquecería o coñecemento desta área do convento lucense.

en C. FERNÁNDEZ OCHOA: «Los castros y el inicio de la romanización en Asturias. Historiografía y debate», *Zephyrus*, vol. LIX, Salamanca, 2006, pp. 275-288.